

## Valoramos o traballo en equipo

Nome: \_\_\_\_\_ Puntuación: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

	Foinos excelente porque...	Fixémolo ben porque...	Custounos un pouco porque...	Debemos mellorar porque...
<b>Na participación e colaboración</b>	Tódolos membros do equipo participamos activamente e colaboramos axudando a outras persoas. (2)	Tódolos membros do equipo participamos activamente, pero non axudamos a outras persoas porque nos centramos no noso traballo. (1.5)	A metade dos membros do equipo participaron activamente. (1)	Só traballou un membro do equipo e as outras persoas integrantes do grupo non colaboraron nin axudaron. (0.5)
<b>O clima de traballo</b>	Foi motivador e respectuoso, sen conflitos dentro do grupo. (2)	Foi agradable aínda que existiron pequenos conflitos que se resolveron inmediatamente. (1.5)	Foi pouco motivador porque houbo conflitos frecuentes que afectaban ao traballo e que se solucionaron con axuda. (1)	Foi conflictivo porque houbo moitos problemas que afectaron ao traballo. (0.5)
<b>Na posta en común de ideas</b>	Tódalas persoas do grupo fixemos achegas para completar as tarefas. Respectáronse as opinións e argumentouse o rexeitamento de propostas. (2)	Tódalas persoas do grupo fixemos achegas para completar as tarefas, pero algunhas das propostas rexeitáronse sen razoamento. (1.5)	A metade do grupo achegou ideas e propuxo ideas e solucións para acadar as tarefas. (1)	Só un membro do equipo achegou ideas, o resto das persoas non levou propostas ao debate. (0.5)
<b>Para o seguimento do traballo</b>	Fixemos debates e analizamos os resultados do traballo para recoller propostas de mellora. (2)	Analizamos os resultados do traballo, e debatemos os resultados, pero non houbo propostas de mellora. (1.5)	Analizamos os resultados do traballo, pero sen debates nin propostas de mellora. (1)	Non fixemos a valoración do traballo nin debatemos os resultados. (0.5)
<b>A autonomía</b>	Foi plena xa que organizamos o funcionamento do grupo sen axuda, incluso axudamos a outros grupos a organizarse. (2)	Foi adecuada xa que organizamos o funcionamento do grupo sen axuda. (1.5)	Foi moderada xa que tivemos que solicitar axuda para organizar o traballo ao inicio, pero logo o equipo traballou con autonomía. (1)	Foi escasa xa que solicitamos axuda en varias ocasións para organizar o traballo. (0.5)

**Notas:**

//

Sinatura: \_\_\_\_\_



“Rúbrica valoración traballo en equipo”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)